



Foi unha tarde dun 31 de outubro cando un neno e os seus pais se mudaron a unha nova casa situada nas aforas da cidade. Era unha casa antiga, preto do monte.

Os pais estaban moi ocupados acomodando as cousas da mudanza e o neno aburrido, decidiu ir dar un paseo por fóra. Levado pola curiosidade, adentrouse no bosque e perdeuse. Anoiteceu e non atopaba o camiño de regreso. Estaba moi nervioso e botouse a camiñar na escuridade da noite. Desorientado, foi parar a unha casa vella, moi vella. A porta estaba aberta e entrou.

Era unha casa pequena e nada máis pasar ao vestíbulo viu unha cociña con lareira, na que ardían uns carabullos, e a continuación había un salón de tamaño xeitoso. Tiña medo. Había unhas escaleiras que o levaron ao segundo piso. As escaleiras non deixaban de facer ruído.

Ao chegar ao corredor que levaba aos dormitorios quedou pálido... Nunha cadeira unha vella acariciaba un gato morto. A vella estaba a durmir cos ollos abertos. O neno tiña medo pero non puido evitar achegarse á cadeira. Nese intre a anciá agarrouno por un brazo dicindo “xa te teño!”. O neno saíu correndo a toda présa. Tropezou. Case cae polas escaleiras. Non paraba de correr, ía sen rumbo, non miraba atrás. Estaba xa canso de correr pero baixaba o ritmo.

Por fin viu unha luz ao lonxe, era a súa casa. Chegando, viu que a súa nai falaba con alguén. Tal vez sería unha nova veciña que se achegara a darlle a benvida. Falaban amigablemente, ambas sorrían. O neno bicou a nai ao chegar canda elas, e deuse conta de que a presunta veciña non era outra se non a vella do gato, quen sorriu, chiscoulle un ollo e achegouse ao pequeno dicíndolle ao oído cunha voz sinistra “penso que xa nos coñecemos, non si...?”.

Pablo Bugallo Carro (1º ESO A)